

**D<sup>a</sup> NADIA DIAZ VAZQUEZ.- SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)**

**CERTIFICA:**

Que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día dezanove de febreiro de dous mil dezanove adoptou o seguinte ACORDO:

**1.- EXPEDIENTE 110/2019. CONTRATACIÓN DE OBRAS REHABILITACIÓN E REFORMA DUN INMOBLE PARA CENTRO INTERXERACIONAL NO CONCELLO DE PORTOMARIN, POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

Á vista dos seguintes antecedentes

Expediente	Procedemento
110/2019	REHABILITACIÓN E REFORMA DUN INMOBLE PARA CENTRO INTERXERACIONAL NO CONCELLO DE PORTOMARIN

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

DENOMINACIÓN	Rehabilitación e reforma dun inmoble para centro interxeracional no concello de Portomarín
CPV	45210000
TIPO DE CONTRATO	Contrato de obras
ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	Xunta de Goberno Local
PROCEDIMIENTO	Abierto Simplificado
FINANCIACIÓN	Convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o concello de Portomarín para o financiamento das obras de rehabilitación e reforma dun inmoble para centro interxeracional no concello de Portomarín  Financiación: 100% Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.  Importe: 100.000,00 euros.
VALOR ESTIMADO	82.644,63 euros
PRECIO	100.000,00 euros
PARTIDA	459.619
PROCEDIMIENTO	Abierto con varios criterios de adjudicación.
PUBLICIDAD	Perfil del Contratante: <a href="http://www.concellodeportomarín.es">www.concellodeportomarín.es</a>
REGISTRO	<a href="http://portomarín.sedelectronica.gal">http://portomarín.sedelectronica.gal</a> .

LICITACIÓN ELECTRÓNICA	Presentación Electrónica/Apertura Presencial
GARANTÍA DEFINITIVA	5%
CLASIFICACIÓN	Categoría 1, Grupo G Subgrupo 4

Á vista do expediente de contratación tramitado constan os seguintes documentos:

Memoria xustificativa
Informe de Secretaría - Intervención
Acordo de inicio
Prego de cláusulas administrativas
Proxecto

Á vista das características e do importe do contrato óptase pola adxudicación mediante procedemento aberto simplificado.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

Visto todo canto antecede e os informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.** Aprobar a memoria xustificativa asinada por o Presidente do órgano de contratación e o proxecto Rehabilitación e reforma dun inmovible para centro interxeracional no concello de Portomarín, redactado polo Enxeñeiro Industrial Don Alfonso Fernández Losada cun orzamento total de 100.000,00 € dos que corresponde 17.355,37 € de IVE.

**SEGUNDO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para o Rehabilitación e reforma dun inmovible para centro interxeracional no concello de Portomarín, convocando a súa licitación.

**TERCEIRO.** Aprobar o gasto correspondente:

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe
2019	459. 619	100.000,00 €

**CUARTO.** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

**QUINTO.** Nomear a Don Don Alfonso Fernández Losada como director facultativo e como coordinador na materia de seguridade e saúde da obra “Rehabilitación e reforma dun inmovible para centro interxeracional no concello de Portomarín”.

**SEXTO.** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**SÉPTIMO.** Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares. A

documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

**OITAVO.** Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

- Presidente: D. Juan Carlos Serrano López (Alcalde-Presidente), ou persoa en quen delegue.
- Secretario: D<sup>a</sup> Alicia López de la Iglesia. (Administrativo do Concello de Portomarín), ou persoa en quen delegue.
- Vócais:
  - D<sup>a</sup> Nadia Díaz Vazquez, Secretario-Interventor do Concello de Portomarín.
  - Técnico/a designado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo.
  - Letrado/a asesor/a do Servizo de Asistencia Xurídica ás Entidades Locais da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

E para que así conste asino a presente de Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, coa salvedade do previsto no artigo 206 do ROF.

**Asinado electrónicamente á marxe de páxina.**